

¿QUE É O LIXO MARIÑO?

Son residuos sólidos xerados polo home que, por diversas razóns, acaban abandonados en ambientes mariños ou costeiros.

SABÍAS QUE...

O lixo mariño é un problema global tan importante como o cambio climático, a acidificación oceánica ou a perda de biodiversidade. **10 millóns de toneladas de lixo chegan anualmente aos mares e océanos,** sendo maioritarios os residuos de plástico.



Máis de **1 millón de aves mariñas** e **100.000 mamíferos mariños** e tartarugas morren cada ano por enredarse en lixo mariño ou por inxerilo.

O **80% do lixo mariño** ten a súa orixe en terra. Os residuos abandonados son arrastrados polo vento e a chuva aínda que vivas a moitos quilómetros terra adentro. O que botamos no inodoro pode rematar no mar formando parte do lixo mariño.

O **20%** do lixo mariño é resultado de actividades no mar como a pesca ou o transporte marítimo



A solución principal reside en previr que aconteza e non só en limpar.

Os custos de limpar as praias e os océanos asumímolos todos e non se poderán destinar a outras necesidades.

PARTICIPAN:



Decálogo feito polo Grupo de Traballo de Lixo Mariño do CONAMA 2016



Edita:
© Ministerio de Agricultura y Pesca,
Alimentación y Medio Ambiente
Secretaría General Técnica

Centro de Publicaciones
Catálogo de Publicaciones de la Administración
General del Estado:
<http://publicacionesoficiales.boe.es/>
NIPO: 013-17-006-1

Decálogo Ciudadán contra o lixo mariño



Ti formas parte da natureza,
na terra deixa só as túas pegadas e no mar o teu ronsel.

¿QUÉ PODES FACER?

1.

Pensa globalmente, actúa localmente e asume a túa responsabilidade.
O noso comportamento é fundamental para previr o problema do lixo mariño.



2.

Deposita os produtos hixiénicos na papeleira, nunca no inodoro
Os bastonetes, toallíñas, compresas e similares causan danos e avarías na rede de saneamento e poden rematar no mar, causando graves problemas ambientais e ateigando as redes dos pescadores.




3.

Se che gusta pescar, sé coidadoso cos teu aparellos
Se caen ao mar, os animais mariños poden quedar atrapados entre cabos e sedelas ou inxerir os anzóis.



4.

Consume de xeito responsable
Infórmate e decide.



5.

Aplica nos teus hábitos de consumo a **regra das 3R** - **reduce, reutiliza e recicla** - e estarás contribuíndo a minimizar o lixo mariño, que en moitas ocasións ten a súa orixe no teu domicilio.



6.

Goza da natureza con responsabilidade
Non abandones as túas cabichas, envoltorios ou calquera outro lixo na praia, nos ríos ou no mar.
Ten sempre previsto o lugar onde os vas depositar.



7.

Únete á ciencia cidadá
Para previr é preciso coñecer, e todos podemos contribuír a saber máis sobre o lixo mariño de xeito sinxelo. **Ser un cidadán científico é axudar a coñecer mellor a cantidade, os tipos e as zonas de acumulación do lixo mariño.** Infórmate a través da Asociación Española de Lixo Mariño.

www.aebam.org



8.

Podes recoller algúns residuos que atopas nos teus paseos pola costa **ou unirse ás campañas locais de limpeza.**



9.

Educa aos nenos e xoves no respecto á natureza e, co teu exemplo, inflúe nos teus amigos e compañeiros **para evitar o abandono de residuos.**



10.

Cando navegues, non botes os teus residuos á auga
Recólleos e, ao volver ao porto, deposítalos onde corresponda.

